



Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

INSTRUCCIÓN Nº 2

GASTOS INDEMNIZABLES POR DESPRAZAMENTOS POR RAZÓN DE SERVIZO E AXUDAS DE CUSTO

O convenio de colaboración asinado pola Consellería do Mar e os Grupos de Desenvolvemento Local das zonas de Pesca (en adiante GALP) recolle na cláusula décimo quinta que serán subvencionables os gastos de funcionamento correspondentes ás axudas de custo e desprazamento e que as contías máximas se limitarán por instrución do organismo intermedio de xestión.

Ademais, e con carácter xeral, o punto 2 da cláusula vixésima segunda do convenio, relativa á normativa aplicable á xestión e control dos fondos asignados ao GALP para a execución da EDLP, establece que a Consellería do Mar poderá ditar regras complementarias e instrucións para precisar as funcións e obrigas do GALP e para facilitar a execución da EDLP.

En virtude do anterior dítase a seguinte **INSTRUCCIÓN**:

Ámbito de aplicación:

Tanto os membros das Xuntas Directivas dos distintos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (en adiante GALP), como o persoal do GALP, teñen dereito a seren indemnizados por razón do servizo nas circunstancias, condicións e límites contidos nesta Instrución.

Está incluído no ámbito de aplicación desta Instrución todo o persoal contratado polo GALP, independentemente do tipo de contrato laboral.

A xustificación por parte dos solicitantes das indemnizacións establecidas nesta Instrución deberase practicar nunha folla de gastos, aportando as facturas ou recibos orixinais que xustifiquen a percepción da correspondente indemnización.

Conceptos indemnizables:

1. Indemnización por uso de vehículo particular no desempeño das funcións dentro do GALP: a razón de 0,19€ por quilómetro percorrido ou a contía establecida como excluída de gravame polo Regulamento do IRPF en vigor.
2. Realización de viaxes noutros medios de transporte:
 1. A realización de viaxes deberá ser autorizada en todo caso pola Xunta Directiva ou órgano do GALP competente, segundo o establecido nos seus Estatutos.
 2. O medio de transporte será determinado polo órgano competente do GALP. Como norma xeral, utilizaranse o transporte público, as liñas regulares e a clase turista. Noutros casos deberá xustificarse cun informe razoado, asinado polo secretario do GALP.
 3. Serán así mesmo indemnizables como gastos de viaxe, os gastos de taxi ata ou dende

Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

as estacións de ferrocarril, autobuses, portos e aeroportos, sempre que se presenten como xustificantes os billetes e/ou facturas correspondentes.

4. Poderán xustificarse igualmente os gastos polo uso de garaxes no hotel de residencia durante os desprazamentos, ou de aparcamento públicos e a ORA no desempeño dos labores propios do GALP, así como os gastos de peaxe de autopistas, sempre que ditos gastos teñan a correspondente xustificación documental.

3. Axudas de custo:

En tódolos casos terán que presentarse xustificantes dos custos efectivamente realizados en aloxamento e manutención.

Con carácter xeral as contías limitaranse ás previstas para o persoal con destino na administración autonómica de Galicia para o Grupo 2º. Excepciónanse do anterior os gastos derivados dos desprazamentos efectuados polos membros da Xunta Directiva do GALP por servizos encomendados fóra do territorio galego, aos que se aplicarán as contías establecidas para o Grupo 1º do persoal con destino na administración autonómica de Galicia.

Nas comisións que se desempeñen fóra do territorio nacional percibiranse as indemnizacións correspondentes desde o día en que se pase a fronteira ou se saia do último porto ou aeroporto español e durante o percorrido e estancia no estranxeiro e deixarase de facer o mesmo día da chegada á fronteira ou ao primeiro porto ou aeroporto español.

No suposto excepcional de eventos organizados por FARNET (Rede Europea de Zonas de Pesca), ou por organismo europeo de entidade equivalente, poderase exceder o límite de custo de hotel, sempre que este servizo estea previamente concertado pola propia organización. No mesmo sentido excepciónase o límite xeral de contías de hotel para o persoal contratado polo GALP cando acompañen desprazamentos de delegacións do GALP presididas por membros da Xunta Directiva do GALP fóra do territorio galego. Neste suposto os límites da delegación pasarán a asimilarse aos establecidos para os membros da Xunta directiva.

Normativa supletoria

Esta instrución interpretarase en consonancia co Decreto 144/2001, do 7 xuño, de Indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autónoma de Galicia, así como da Resolución do 29 de decembro de 2005, pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de decembro de 2005, sobre a revisión da contía da indemnización por uso de vehículo particular e a das axudas de custo en territorio nacional e demais normativa que desaxerada ou actualice o dito Decreto.

Santiago de Compostela, 15 XUN., 2016
A Directora xeral
Susana Rodríguez Carballo

